

Manuel Curros Enríquez

1. Biografía



Naceu en Celanova, Ourense, en 1851. Aos 15 anos marchou da casa por causa das dificultades de trato que tiña co seu pai, un home intransixente e autoritario . Fuxiu para Madrid onde concluíu o Bacharelato e iniciou os estudos de Dereito. Nestes anos alternou a produción literaria coa colaboración en distintos periódicos de ámbito nacional. Participou ademais nos distintos actos e proxectos desenvolto pola intelectualidade galega na capital (a sociedade *Galicia Literaria...*).

En 1875 marcha como correspondente de guerra ao País Vasco, onde se libraba a terceira guerra Carlista. As súas crónicas reportáronlle moita popularidade e prestixio.

En 1877, tras gañar un certame poético, trasladouse a Ourense onde traballou como funcionario e compuxo a maior parte dos poemas que publicaría en 1880 baixo o título *Aires da Miña Terra* entre os que inclúe a impresionante composición lírica “Na morte da miña nai”. O bispo de Ourense considerou que algunhas das pezas de *Aires da miña terra* atacaban a relixión católica xa que contiña “proposicións heréticas, blasfemas, escandalosas e algunhas que merecen outra censura” e acusou a Curros perante o Gobernador Civil. Comezou, daquela, un proceso que lle comportou ao poeta unha condena de algo máis de dous anos de cárcere e unha multa. Curros recorreu a sentenza e foi absolto. Ao pouco tempo, foi cesado no posto de funcionario por represalias políticas e volveu para Madrid, onde continuou co seu labor xornalístico.



Curros Enríquez depositando flores na tumba de Rosalía

Posiblemente afectado por problemas familiares (morte da nai e de varios fillos, separación matrimonial...) ademais dos problemas políticos, Curros decide emigrar a Cuba en 1894, onde traballou como xornalista e impulsou a creación da **Real Academia Galega**. En 1904 Curros volveu temporalmente a Galiza. Á súa chegada á Coruña foi obxecto dunha importante homenaxe.

Morreu na illa caribeña en 1908, e os seus restos foron trasladados á Coruña, acontecemento que se converteu nunha multitudinaria homenaxe póstuma. Asistiron ao seu enterro máis de 40.000 persoas.



2. Produción literaria

Dous son os títulos que compoñen a obra poética de Curros: *Aires da miña terra* e *O divino sainete*.

Obras	Ano	Comentario
<i>Aires da miña terra</i>	1880	- Na primeira edición contén dezoito composicións e mais <i>A Virxe do Cristal</i>, <i>Unha boda en Einibó</i> e <i>O gueiteiro</i>, os poemas que presentara ao certame poético que gañou en 1877. - Presenta temática fundamentalmente cívica, de denuncia, aínda que tamén hai algunhas composicións de carácter intimista e costumista. - Supón o comezo das xeirias de gloria da poesía cívica na literatura galega, que continuarían con Ramón Cabanillas, Celso Emilio Ferreiro...
<i>O divino sainete</i>	1888	- Longo poema de carácter narrativo, baseado na <i>Divina Comedia</i> de Dante, que relata a viaxe de Curros e Añón a Roma para ver o Papa. Viaxan nun tren de sete vagóns que representan os sete pecados capitais (a envexa, a luxuria, a preguiza...). - Ao longo do poema, Curros vai facendo unha aceda crítica ós diferentes estamentos da Igrexa, ás clases sociais galegas máis poderosas e tamén a inimigos persoais seus (o bispo de Ourense...).

3. Liñas temáticas


A obra poética de Curros responde principalmente a tres temáticas: *cívica*, *intimista* e *costumista*.

a) Liña social. O poeta celanovés concibía o labor do poeta como compromiso co pobo; así, desde os seus poemas debía denunciar a opresión, a ignorancia, a falta de liberdade, a miseria... na que vivían os máis desfavorecidos.

Curros desenvolveu esta temática de denuncia en varios tipos de poemas:

– Poemas nos que **ataca todo atraso e inxustiza**, non necesariamente referidos a Galicia. Deste xeito, arremete contra a pena de morte, o imperialismo, o papado, a corrupción, a adoración da riqueza...

E sinalando as talegas
que están alí amontoadas
con onzas de ouro e fanegas,
Arrodillándose dixo:
—¡Fíncate i adora ó santo
que máis maravillas fixo!
Diante del abátese a serra,
incrínanse reverentes as potestades da terra [...]
O divino sainete



Curros non se limita a denunciar a situación de atraso e miseria extremos que estaba a vivir a xente do pobo (os campesiños especialmente), senón que sinala culpables:

- **A Igrexa** non ofrecía educación ós labregos senón que fomentaba entre eles a superstición; mantiña os foros...
- **A fidalgos e caciques** que cargaban os campesiños con foros, impostos, usuras...
- Reflicte ademais a **emigración** de moitos labregos que fuxían da pobreza e mesmo da fame. Nun primeiro momento, xustifica esa marcha como un dereito que teñen os máis desfavorecidos a escapar dunha situación opresiva e buscar un porvir mellor.



Desde entón, cando vexo que un gallego
a terra deixa onde infelís naceu,
i achego busca noutras praias, digo:
«¡Guíete Dios!», tamén. [...]
Que aquel que deixa seu natal curruncho
e fóra dos seus eidos pon os pes,
cando troca o seguro polo incerto,
¡motivos ha de ter!

Aires da miña terra

Posteriormente, tras emigrar a Cuba, Curros modifica a súa idea sobre a emigración e considera que a xente debe ficar na súa terra para loitar por ela e erguela.


Como saída á penuria económica e cultural na que estaba Galicia, propugna o **progreso material**. Este comportaría unha mellora económica, educación e liberdade.

NA CHEGADA A OURENSE DA PRIMEIRA LOCOMOTORA

Vela aí vén, vela aí vén avanzando
cómaros e corgas, e vales, e cerros.
¡Vinde vela, mociños e mozas!
¡Saludaina, rapaces e vellos!

Por onde ela pasa
fecunda os terreos,
espértanse os homes,
frolecen os eidos.[...]

Aires da miña terra



Gravado sobre a chegada a Ourense da primeira locomotora.

b) Liña intimista. Curros, malia ser un poeta fundamentalmente cívico, reflectiu nalgúns poemas momentos claves positivos ou negativos da súa vida. Deste xeito, nunha composición recolleu a ledicia que lle producía o nacemento do seu primeiro fillo; en dúas elexías manifestou a profunda dor pola morte de súa nai e doutro fillo seu...



Outros poemas amosan unha visión angustiada e desesperanzada da vida, onde o sentimento predominante é a soidade, propia ou allea.

¡Tan sola..., cando todo parecía
un concerto inmortal dela arredor [...]

Morrer no fogo da ilusión primeira,
nesa mañán azul da mocedá!...
¡Ver nacer unha fror na primaveira,
e vela morta polo outono xa!

¡Ai! ¿Será a morte nada máis que un sono?
Tras do outono da vida, ¿que hai pra nós? [...]

Aires da miña terra



c) Liña costumista. Dentro da concepción social que Curros tiña da poesía, a descrición dos costumes, tradicións e tipos galegos non tiñan demasiada cabida. Así e todo, o elemento costumista converteuse no tema dalgunhas composicións, mentres noutras aparece como un elemento anecdótico.

O costumismo como tema	O costumismo como elemento anecdótico
– Nas composicións «Unha boda en Einibó» e «O gueiteiro» describe respectivamente un costume e un tipo tradicional. – Segue a Rosalía nos recursos de tipo popular (paralelismo, anáfora...), nalgúns aspectos da caracterización do gaiteiro... – Inclúe ademais algún contido de tipo social (a emigración en «O gueiteiro»...).	– Nalgúns poemas («O maio»...), introduce un motivo costumista para logo tratar temática social.

4. Lingua, métrica e estilo

A lingua empregada por Curros presenta os seguintes trazos característicos:

- É un galego popular, pois a morfoloxía e o léxico son fundamentalmente os da terra natal do poeta, Celanova.
- Amosa un grande esforzo de selección léxica (busca da variedade e da enxebreza) e evita case por completo vacilacións nas formas.
- Entre os primeiros poemas («Unha boda en Einibó», «O gueiteiro»...) e os seguintes (os demais poemas de *Aires da miña terra*) pode observarse unha paulatina depuración de castelanismos.

Con respecto á **métrica**, Curros demostrou ser un versificador hábil pero pouco innovador. Prefería a rima consonante, sen que iso lle restase naturalidade e forza expresiva. As súas estrofas concordaban cos gustos da época: tercetiñas, cuartetos, quintetos, romances, oitavas reais...



Casa natal de Curros Enríquez en Celanova

Con respecto ao **estilo**, o obxectivo social da poesía de Curros pedía que os seus poemas fosen sinxelos e claros para que a xente os entendese ben. Isto fai que evite a complexidade de recursos estilísticos. Así, os máis frecuentes son os de dicción e repetición de carácter popular (*anáforas, paralelismos, similitudencias...*).

Amais destas figuras de orixe popular, por veces ofrece comparacións, imaxes, ironías e *apóstrofes* con clara intención satírica. Cómpre salientar as *comparacións* e as *imaxes*:

Comparacións	Imaxes
— <i>Compara un obxecto elevado (lúa, estrelas...) cun do ámbito familiar (améndoas de Allariz, pandeiro...). Deste xeito, consegue un efecto humorístico.</i>	— <i>O natural ou profano (locomotora, a lingua galega...) identifícase co relixioso (unha Nosa Señora de ferro, o Cristo das linguas...), co histórico ou co cultural. Así, obténse un resultado humorístico e mesmo caricaturesco.</i>